

## ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS DA LISTA DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL NA CATEGORÍA DE LIMPADOR/A POLA FUNDACIÓN USC, M.P., PARA OS CAMPUS UNIVERSITARIOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E LUGO.

Por resolución de 16 de maio de 2022 convocouse proceso selectivo para a formación dunha lista de agarda para a contratación laboral temporal na **categoría de limpador/a** pola Fundación USC, M.P., para os campus universitarios de Santiago de Compostela e Lugo.

Con data de 17 de novembro de 2022 acordouse a formación e publicación da devandita lista de agarda definitiva, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación no apartado de emprego da páxina web da Fundación USC ([www.fundacionusc.gal](http://www.fundacionusc.gal)).

Segundo o disposto na **base 12** das bases reguladoras da convocatoria «**a actualización de méritos efectuarase anualmente dispoñendo os interesados do mes de marzo para achegar mediante solicitude á Fundación USC aquela documentación que consideren susceptible de valoración para a actualización dos mesmos (...)**».

Acompáñase como **ANEXO I** a **solicitude de actualización de méritos** que deberá ser presentada polas persoas interesadas, coa documentación acreditativa dos méritos alegados **en un sobre pechado**, directamente na sede da Fundación USC, sita na Avenida das Ciencias 6, 1º, Campus Sur, 15782 Santiago de Compostela, en horario de atención ao público de 9:00 a 15:00 horas, de luns a venres. Tamén poderán presentar as súas solicitudes de actualización de méritos mediante correo certificado, nos termos previstos no Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, debendo remitirse á seguinte dirección: Fundación USC, Avenida das Ciencias 6, 1º, Campus Sur, 15782 Santiago de Compostela. Neste último caso, a persoa interesada deberá xustificar a data de envío e anunciar á Fundación a remisión da documentación no correo electrónico ([contratos@fundacionusc.gal](mailto:contratos@fundacionusc.gal)) ou burofax o mesmo día.

O **prazo para presentar as solicitudes de actualización de méritos** será dun **(1) mes**, a contar **dende o día 1 ao 31 de marzo de 2024**, ambos inclusive. Non serán admitidas as solicitudes de actualización de méritos, nin calquera outra documentación acreditativa dos mesmos, que sexan presentadas en forma e prazo distintos aos sinalados.

Serán obxecto de valoración os méritos sinalados na **base 9** das bases reguladoras da convocatoria, dispoñibles no apartado de emprego da páxina web da Fundación USC ([www.fundacionusc.gal](http://www.fundacionusc.gal)) ou no enlace web: <https://www.fundacionusc.gal/gl/fundacion/exestions/emprego/lista-agarda-limpador-a-santiago-lugo-2022>, que sexan acreditados na forma sinalada en dita base e que se produciran ata o 31 de marzo de 2024.

Segundo o disposto na base 12 das bases reguladoras da convocatoria, unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes de actualización de méritos publicarase a lista de agarda actualizada, dispoñendo os membros da lista de agarda dun prazo de dez (10) días naturais para a súa reclamación en caso de desconformidade na valoración.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente da Comisión de Valoración  
Óscar Hermida Otero

– ANEXO –

**SOLICITUDE DE ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS da lista de agarda para a contratación laboral temporal na CATEGORÍA DE LIMPADOR/A pola Fundación USC.**

<p><b>Espazo reservado para a Entidade</b></p>   <p>Selar e asinar unicamente no interior deste recadro</p>	<p><b>Data de entrada</b></p>  <p>____ / ____ / ____</p>
--	--

**Datos persoais:**

Nome:	Apelidos:
NIF:	Data de nacemento:
Concello:	Enderezo:
Provincia:	Código postal:
Teléfonos: /	Nacionalidade:
Correo electrónico:	

**Documentación acreditativa dos méritos sinalados na base 9 das bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de agarda para a contratación laboral temporal na categoría de limpador/a pola Fundación USC, M.P., para que, no seu caso, se proceda á súa actualización:**

Formación complementaria (documentación acreditativa dos cursos de formación onde conste a entidade emisora, número de horas e contidos dos cursos).

Coñecemento da lingua galega (copia da titulación correspondente ou certificación acreditativa).

Documentación acreditativa dunha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

Documentación acreditativa da experiencia profesional (contratos de traballo e/ou certificado de empresa – onde conste o número de meses, funcións e lugar de desenvolvemento das mesmas –, nóminas e informe de vida laboral).

**SOLICITO:** sexa admitida a presente solicitude, coa a documentación que se acompaña, aos efectos oportunos.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de marzo de 2024

**A/A Sr./a. PRESIDENTE/A DA COMISIÓN DE VALORACIÓN**

**Sinatura**